

Sr. Alcalde do Concello de Laracha (A)
Praza do Concello, s/n
15145 Laracha (A)
(A Coruña)

Clave: DH.W15.85971

Expediente: Autorización de obras para mellora de explotación gandeira existente no lugar de Tuixe parroquia de Lemaio (Santa Mariña), no concello de Laracha (A), (A Coruña).

Solicitante: Cotelo Sat Numero 1060 Xuga

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Cotelo Sat Numero 1060 Xuga, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinete (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 9 de setembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Cotelo SAT Numero 1060 Xuga, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río Anllóns, a autorización de obras, no polígono 152, parcela 49, no lugar de Tuixe, parroquia de Lemaio (Santa Mariña), Concello de Laracha (A) (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.85971.

As obras solicitadas consisten na mellora de explotación gandeira, mediante ampliación de corte de gando e construción dun estercolero; legalización de dous silos.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Laracha (A) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 9 de setembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

